

CONCURSO LITERARIO **CONTOS** **NO MEDITERRANEO**

As facultades de Lletres e Traducció i Interpretació da Universitat Autònoma de Barcelona e mais o Espai Gallec dels Países Catalans organizan a I edición do premio literario Contos no Mediterráneo, dirixido a aquelas persoas que estudaron ou están a estudar galego ou portugués nos territorios de fala catalá.



PARA PARTICIPAR CÓMPRE:

Neste premio literario existe liberdade normativa e priorizarase a calidade e creatividade literaria sobre a corrección lingüística.

O CONCURSO COMPRENDE DÚAS CATEGORÍAS:

- A. Menores de 18 anos
- B. Maiores de 18 anos

ESCRIBIR UN RELATO EN GALEGO OU PORTUGUÉS A PARTIR DUN TEMA DE LIBRE ELECCIÓN. A extensión será de 1.000 a 2.500 palabras. Deben presentarse sete copias do traballo mecanografadas a dobre espazo. O texto debe ser anónimo e inédito. Os sete exemplares serán enviados nun sobre de formato grande e na capa o autor indicará o seu pseudónimo, o título da obra e a categoría. No interior incluírase un sobre pequeno pechado que conteña a fotocopia do documento de identidade, os datos persoais que se indican no boletín de participación e mais un disquete co documento gardado en formato rtf. O pseudónimo, o título da obra e a categoría en que se participa tamén deben aparecer escrito fóra deste sobre pequeno.

OS ORIXINAIS ENVIARANSE A ESTE ENDEREZO:

Contos no Mediterráneo
Departament de Filologia Francesa i Romànica
Edifici B, Universitat Autònoma de Barcelona
08193 Bellaterra (Barcelona)

A DATA LÍMITE DE PRESENTACIÓN DOS ORIXINAIS É O

30 DE ABRIL DE 2007. A entrega oficial do premio será o venres **25 de maio** na Biblioteca Bonnemaison de Barcelona (Sant Pere més Baix, 7).

OS TEXTOS SERÁN SOMETIDOS A UN XURI COMPOSTO POR CINCO MEMBROS nomeados polas entidades organizadoras do concurso do concurso.

Os textos non solicitados non serán devoltos aos autores/ ás autoras.

PREMIOS DA CATEGORIA A:

- 1er: Reprodutor de mp3, lote de música, lote de libros, camisolas
 - 2n: Lote de música, lote de libros, camisolas
 - 3r: Lote de libros, camisolas
- Os tres premios inclúen, ademais, materiais didácticos de galego e de portugués.

PREMIOS DA CATEGORIA B:

- 1er: 1.000€
 - 2n: Viaxe a Lisboa para dúas persoas
 - 3r: Obsequio de Sargadelos.
- Os tres premios inclúen, ademais, materiais didácticos de galego e de portugués.

Todos/as os/as finalistas recibirán un premio e un diploma. No acto de entrega serán convidados/as a un aperitivo cos membros do xuri.

O xuri pode declarar deserto calquera dos premios.

Os textos premiados polo xuri serán publicados no sitio web do Departament de Filologia Francesa i Romànica da UAB (seneca.uab.es/filfrirom) e mais no do Espazo Galego dos Países Catalans (espazogalego.info), así como na sección de Barcelona do portal Vieiros (vieiros.com/edicions/14/barcelona). As entidades organizadoras resérvanse o dereito de editar os textos nos medios que consideren oportunos.

AS DECISIÓNS DO XURI NON PODERÁN SER RECORRIDAS.

O simple feito de participar presupón a total aceptación do presente regulamento.

**BOLETÍN DE PARTICIPACIÓN NO CONCURSO
CONTOS NO MEDITERRANEO (EDICIÓN 2007)**

Nome e apelidos:

Documento de identidade:

Enderezo completo:

.....

Teléfono:

Correo-e:

Nome e enderezo completo do establecemento escolar:

(Cómpre adxuntar un documento acreditativo)

.....

Título da obra:

Pseudónimo do autor:

Categoría: